

CERTIFICADO

Juan Marquina Fuentes, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense
CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria realizada o día 29 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Expediente de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, n.º 9/2021.

1º.- Aprobar inicialmente o expediente n.º 9/2021 de modificación das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, no que se refire á seguinte variación que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021, co seguinte detalle:

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, no expediente de modificación de créditos n.º 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao Concello de Lobios para “Local social Esperanzo”, por importe de 40.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo Concello de Lobios en data 4 de agosto de 2021, e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, na que se comunica que se proceda ao cambio de localización da obra n.º 58/16/2021, quedando así a finalidade da subvención do seguinte xeito “Local social en Lobios”.

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Concello de Lobios	Local social en Lobios	40.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169, 170 e 171 da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, na data de sinatura electrónica deste documento.